

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE OUTUBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:41 horas do día 30 de outubro de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don Alejandro Dopico Rodríguez, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste: don Justo Martínez Ardá

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora accidental:

Dona Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 10, REGULADORA DA TAXA POLA TALA DE MASAS ARBÓREAS E DA PROTECCIÓN DE ÁRBORES E PLANTAS NO TERMO MUNICIPAL.**

Consta no expediente a seguinte proposta da concellaría delegada de facenda, informada por informe de secretaría 251/12 e ditaminada favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións (2 do grupo do BNG, 1 do grupo socialista e 1 do grupo mixto):

<< PROPOSTA DA CONCELLARÍA DELEGADA DE FACENDA

O Concello de Fene conta cunha ordenanza fiscal núm. 10 reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores e plantas no termo municipal publicada no BOP o 19.1.2007.

A actual Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, publicada no DOGA de 23.7.2012 establece que é potestade normativa autonómica exclusiva a regulación da xestión e os aproveitamentos forestais, que as plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, incluídos as cortas e os abatementos das árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso ou arboredo, haxa ou non planeamento urbanístico municipal aprobado, non requirirán licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado, e deberán someterse ao estipulado nesta lei; establecendo na DT3ª un prazo dun ano para adaptar as ordenanzas municipais.

Á vista de que a xestión e aproveitamento forestal é competencia autonómica exclusiva, a ordenanza fiscal núm. 10, que considera os actos de tala como feito impositivo debe ser derogada, xa que non corresponde ao municipio, á vista das competencias que lle veñen atribuídas no artigo 11 da Lei de montes de Galicia, a verificación de se os mesmos se axustan á normativa aplicable.

O resto dos aspectos regulados na ordenanza cómpre desenvolvelos con maior profundidade nunha futura ordenanza de protección do medio ambiente, ornato e limpeza pública.

Visto o que antecede, así como o informe de secretaría 251/2012 de 23 de outubro, propoño que a Comisión Informativa de facenda, promoción económica, formación e emprego ditamine favorablemente á seguinte proposta de acordo para a súa elevación ao pleno:

Derogar a vixente ordenanza núm. 10 reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores e plantas no termo municipal.

Fene, 24 de outubro de 2012

O concelleiro delegado de facenda  
Juan José Franco Casal>>

Inicia o turno de intervencións o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que explica que a presente taxa deviu ilegal dende a aprobación da Lei 7/2012, de Montes, xa que a Xunta de Galicia é a que ten a potestade exclusiva de regular os aproveitamentos forestais, polo que esta derogación que se propón é só unha adaptación á lexislación vixente.

De seguido toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que o seu grupo ten claro que esta ordenanza choca coa nova Lei de montes e precisa dunha derogación ou modificación, pero que lles gustaría que fose substituída por outra para poder atender ao seu espírito, que era cubrir os desperfectos que se producen nos viais pola actividade de tala. Anuncia que para preservar iso, van votar en contra de momento.

A continuación intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que considera que non é de recibo suprimir todo, cando na ordenanza tamén se regulan aspectos que non teñen que ver coa lexislación de montes, os cales lles gustaría que fosen regulados polo goberno municipal noutra ordenanza, eliminando aquilo no que se colisiona coa lexislación de montes. Remata dicindo que o apropiado sería traer unha proposta alternativa que garantira o que tentaba garantir esta ordenanza en canto ao respecto das vías municipais.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia o voto en contra mentres non se presente a alternativa que se dixo que había.

Toma a palabra o alcalde para dicir que se recollen as suxerencias pero quere lembrar que esta taxa non se cobraba ata que entrou o actual goberno municipal, non sabe se pola súa ilegalidade; ademais engade que os camiños municipais son vixiados por un funcionario.

**Sometido o asunto a votación, foi rexeitada a súa aprobación por 10 votos en contra (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos a favor do grupo do PP.**

**PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CRÉDITOS DO CAPÍTULO 1 DO ESTADO DE GASTOS EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 2.1 DO REAL DECRETO LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE.**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, informada favorablemente en informe de intervención de 22.10.2012 e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.10.2012 por 3 votos a favor do grupo do PP e 4 abstencións, 1 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto:

**<<PROPOSTA DA ALCALDIA**  
**ASUNTO.- EXPEDIENTE DE DECLARACION DE NON DISPONIBILIDADE DOS CRÉDITOS EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO REAL DECRETO LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO.**  
Proponse ó Pleno da MOTIVOS.

Na providencia desta Alcaldía adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe que emitiu a Intervención municipal así como a Técnico de Xestión e que constan no expediente, sométese ó Pleno da corporación, previo dictamen da Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Declarar a non disponibilidad por un importe total de 193340.10 € do Capítulo 1 do Orzamento de Gastos do exercicio 2012, conforme ó desglose por aplicacións orzamentarias que se detalla a continuación, en aplicación do artigo 2.1 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en relación ó artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Personal laboral

Área de gasto	Económico	Importe (€)
134	X1/13100	1265,28
171	13100	4204,47
230	13100	10645,83
233	13100	6984,67
241	13100	6803,82
320	13002	5275,08
320	13100	6658,93
330	13100	1359,77
334	13100	1525,34
492	13002	5383,45
492	13100	3131,01
920	13002	966,02
920	13100	3306,27
923	13100	1544,92
931	13100	1527,19
<b>TOTAL</b>		<b>60582,05</b>

Personal funcionario

Área de gasto	Económico	SALARIO	Trienios	CE	Total (€)
132	12003	1062,00	227,76	577,17	1866,93
132	12003	1062,00	227,76	577,17	1866,93
132	12003	1062,00	210,03	577,17	1849,20
132	12003	1062,00	134,11	577,17	1773,28
132	12003	1062,00	156,84	577,17	1796,01
132	12003	1062,00	75,92	577,17	1715,09
132	12003	1062,00	103,65	577,17	1742,82
132	12003	1062,00	139,11	577,17	1778,28
132	12003	1062,00	80,92	577,17	1720,09
132	12003	1062,00	80,92	577,17	1720,09
132	12003	1062,00	63,19	577,17	1702,36
132	12003	1062,00	22,73	577,17	1661,90
132	12003	1062,00	75,92	577,17	1715,09
132	12003	1062,00	0,00	577,17	1639,17
		<b>14868,00</b>	<b>1598,86</b>	<b>8080,38</b>	
151	12000	1653,11	236,79	1049,93	2939,83
		<b>1653,11</b>			
151	12001	1397,58	278,85	470,40	2146,83
151	12001	1397,58	139,43	470,40	2007,41
		<b>2795,16</b>			
151	12003	1062,00	90,92	410,92	1563,84
		1062,00			

151	12004	988,58	133,32	411,81	1533,71
		<b>988,58</b>	<b>879,31</b>	<b>2813,46</b>	
162	12004	988,58	80,13	411,81	1480,52
		<b>988,58</b>			
162	12005	853,48	148,17	498,29	1499,94
162	12005	853,48	80,82	498,29	1432,59
162	12005	853,48	80,82	486,27	1420,57
162	12005	853,48	107,76	498,29	1459,53
162	12005	853,48	40,41	486,27	1380,16
162	12005	853,48	40,41	486,27	1380,16
162	12005	853,48	40,41	486,27	1380,16
162	12005	853,48	40,41	486,27	1380,16
162	12005	853,48	40,41	486,27	1380,16
162	12005	853,48	80,82	486,27	1420,57
162	12005	853,48	0,00	486,27	1339,75
		<b>9388,28</b>	<b>780,57</b>	<b>5796,84</b>	
164	12004	988,58	13,47	411,81	1413,86
164	12004	988,58	31,20	411,81	1431,59
		<b>1977,16</b>	<b>44,67</b>	<b>823,62</b>	
230	12001	1397,58	228,15	429,39	2055,12
		<b>1397,58</b>	<b>228,15</b>	<b>429,39</b>	
312	12005	853,48	94,29	488,74	1436,51
		<b>853,48</b>	<b>94,29</b>	<b>488,74</b>	
320	12005	853,48	121,23	488,74	1463,45
320	12005	853,48	107,76	488,74	1449,98
320	12005	853,48	129,93	488,74	1472,15
320	12005	853,48	53,88	488,74	1396,10
		<b>3413,92</b>	<b>412,80</b>	<b>1954,96</b>	
330	12003	1062,00	169,64	410,92	1642,56
		<b>1062,00</b>			
330	12004	988,58	35,46	411,81	1435,85
		<b>988,58</b>			
330	12005	853,48	107,76	488,74	1449,98
		<b>853,48</b>	<b>312,86</b>	<b>1311,47</b>	
332	12001	1397,58	228,15	429,39	2055,12
332	12001	1282,30	76,05	429,39	1787,74
		<b>2679,88</b>	<b>304,20</b>	<b>858,78</b>	
340	12003	1062,00	135,54	410,92	1608,46
340	12003	1062,00	68,19	410,92	1541,11
		<b>2124,00</b>	<b>203,73</b>	<b>821,84</b>	
453	12004	988,58	151,05	430,26	1569,89
453	12004	988,58	119,85	411,81	1520,24
453	12004	988,58	80,13	411,81	1480,52
453	12004	988,58	75,87	414,42	1478,87
453	12004	988,58	151,05	411,81	1551,44
453	12004	988,58	151,05	411,81	1551,44
453	12004	988,58	53,19	411,81	1453,58
453	12004	988,58	70,92	411,81	1471,31
453	12004	988,58	35,46	411,81	1435,85
453	12004	988,58	0,00	411,81	1400,39
		<b>9885,80</b>			
453	12005	853,48	13,47	429,15	1296,10
453	12005	853,48	53,88	429,15	1336,51
453	12005	853,48	13,47	429,15	1296,10
		<b>2560,44</b>	<b>969,39</b>	<b>5426,61</b>	
920	12000	1653,11	78,93	2206,45	3938,49
920	12000	1553,29	25,35	1049,93	2628,57
		<b>3206,40</b>			

920	12003	1062,00	260,49	410,92	1733,41
920	12003	1062,00	189,57	410,92	1662,49
920	12003	1062,00	291,10	410,92	1764,02
		<b>3186,00</b>			
920	12004	988,58	53,19	411,81	1453,58
920	12004	988,58	0,00	411,81	1400,39
920	12004	988,58	124,11	411,81	1524,50
		<b>2965,74</b>			
920	12005	853,48	134,70	488,74	1476,92
		<b>853,48</b>	<b>1157,44</b>	<b>6213,31</b>	
923	12003	1062,00	295,49	410,92	1768,41
		<b>1062,00</b>			
923	12004	988,58	17,73	411,81	1418,12
		<b>988,58</b>	<b>313,22</b>	<b>822,73</b>	
931	12000	1653,11	78,93	2206,45	3938,49
931	12000	1653,11	105,24	1958,82	3717,17
		<b>3306,22</b>			
931	12001	1397,58	152,10	467,99	2017,67
		<b>1397,58</b>			
931	12003	1132,14	237,76	420,66	1790,56
931	12003	1062,00	202,30	410,92	1675,22
931	12003	1062,00	202,30	410,92	1675,22
931	12003	1062,00	189,57	410,92	1662,49
		<b>4318,14</b>	<b>1168,20</b>	<b>6286,68</b>	
<b>931</b>	<b>12004</b>	<b>988,58</b>	<b>0,00</b>	<b>411,81</b>	1400,39
		<b>988,59</b>	<b>0,00</b>	<b>411,81</b>	
			<b>TOTAL</b>		<b>132821,05</b>

2º.- Conforme ó apartado 4 do artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria destinarase en exercicios fututros a realizar aportacións a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia por xubilación, con suxeición ó establecido na LO 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e nos termos e alcance que se determine nas correspondentes leis de orzamentos.

Fene, a 22 de outubro de 2012  
O ALCALDE  
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal>>

Inicia o turno de intervencións o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que di que esta proposta só pretende aplicar a lexislación vixente e que noutros concellos este tipo de medidas non veñen ao pleno e son aplicadas directamente pola alcaldía.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo que desdí o dito polo concelleiro do PP, xa que afirma que hai informes da editorial Francis Lefevre que din que non é preciso adoptar esta decisión, xa que a mesma non vén imposta polo RDLei 20/2012, senón por unha nota informativa de 5.9.2012 do Ministerio, a cal carece de forza vinculante.

Considera que a cuestión de fondo é outra: que o goberno saca un Real Decreto-Lei para recortar a paga extra ao sector público dicindo que en exercizos futuros será destinada a plans de pensións, é dicir, para darlle aos bancos, para pagar a crise cos que non teñen responsabilidade nela, quitando cartos directamente do mercado e que se investía fundamentalmente no comercio local.

Di que os xuristas citados teñen claro que o que se pretende é evitar as compensacións que algunhas corporacións aprobaron respecto da supresión da paga extra, cando a súa devolución non deixa de ser máis que unha declaración de principios, xa que dependerá de que se cumpla o previsto na Lei de estabilidade orzamentaria e futuras leis de orzamentos do Estado.

Remata dicindo que, baixo o apoio dos xuristas citados, vendo que non hai nin legalidade nin razón para adoptar este acordo, o goberno de Fene ten que aclarar as súas intencións, xa que prexudican aos intereses dos traballadores.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o concello aprobou un orzamento con 14 pagas, xa que ten autonomía para facelo, e un Real Decreto sen debate no Congreso "cárgase" unha paga, vulnerando a autonomía local e a negociación colectiva.

Di que están en contra desta medida, que se trae despois de que o pleno adoptara compensar a paga extra de Nadal, xa que o concello ten capacidade de xestionar o seu diñeiro, polo que pide unha explicación racional para adoptar estas medidas.

Prosegue dicindo que ven claramente que estes cartos irán a un plan de pensións e os intereses que ten o goberno do PP niso e que se segue a xogar cos cartos dos traballadores sen transparencia.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodríguez, di que o seu grupo aposta polo pagamento da paga extra e que non entende que se traia esta proposta ao pleno se non é preciso o seu voto.

A continuación intervén o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que tilda de demagóxicas as intervencións da oposición e califica de tolería considerar como criterio superior o dun grupo de persoas que se reúnen de cando en vez fronte ao do Ministerio.

Considera que o pleno non ten competencia para decidir nada sobre a paga extra, xa que isto non é un foro, e que o Real Decreto Lei pasa polo Congreso dos Deputados, é debatido e que os concelleiros de Fene non teñen ningunha competencia para dicir o que está por riba da Constitución. Remata dicindo que esta proposta é unha garantía para os traballadores de que eses cartos non se van tocar.

De seguido toma a palabra o concelleiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, que considera a actitude do equipo de goberno como unha clara colaboración coa estratexia do Goberno do Estado, xa que a postura que defende o seu grupo é a que di o grupo de xuristas máis forte da Administración Local, os cales non só din que non hai obriga de non adoptar a decisión de non dispoñibilidade porque as notas informativas non son vinculantes, senón que ademais dita decisión é sospeitosa de inconstitucionalidade.

Afirma que o equipo de goberno está a colaborar co Estado, para así frear a aquelas corporacións que tiñan pensado compensar estes recortes e considera que esta decisión non garante nada aos traballadores, senón, en todo caso, determinará que non vai haber recursos para garantir esa paga.

Por parte do grupo do BNG, o seu voceiro, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, di que el non situaría este debate en termo de tontería porque ao mellor o Tribunal Constitucional di que o Real Decreto-Lei non é constitucional.

Considera que se este asunto é de competencia plenaria, o pleno será soberano para decidir e se poden ter opinións diverxentes.

Remata dicindo que o BNG está en contra desta decisión porque quere que estes cartos estean dispoñibles en xaneiro para ser cobrados polos traballadores, considerando que a adopción deste acordo non garante nada para eles.

**Sometido o asunto a votación, foi rexeitada a súa aprobación por 10 votos en contra (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos a favor do grupo do PP.**

**PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 18, REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS.**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, informada favorablemente por informe de intervención de 22.10.2012 e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.10.2012 por 3 votos a favor do grupo do PP, 1 abstención do grupo socialista e 3 votos en contra, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto:

**<< PROPOSTA DA ALCALDIA**

**ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE ORDENANZAS FISCAIS.**

Iniciado o expediente de modificación de ordenanzas fiscais formado por: providencia de inicio do expediente e informe de intervención, dáse traslado do mesmo ó Concello-Pleno, para que previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal seguintes

- Ordenanza fiscal nº 18, reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.

**Segundo:** A modificación entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro:.-** De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

**Cuarto:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como os textos das ordenanzas fiscais modificados.

Unese como anexo o texto dos artigos modificados da ordenanza nº 18.

Fene, a 22 de outubro do 2012.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.>>

Inicia o turno de debate o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que expón que esta proposta é só unha actualización do IPC do mes de setembro dun 3,4 %, coa finalidade de paliar un pouco o custe do servizo, que non se cubre.

A continuación intervén o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que afirma que faltou tempo para chegar a un consenso nesta e na seguinte ordenanza que se trae na orde do día, considerando que non pode ser aprobada unha ordenanza nestas condicións.

Di que non ven razonada a proposta unha vez que a analizaron e que sempre entenderon que o debate das taxas se facía de forma global para todas as do concello, revisándoas todos e en función da previsión de ingresos, sen comprender por que só se traen estas dúas ordenanzas e non outras como a da auga, que é das máis deficitarias.

Afirma que eles non saben o motivo de que se traian estas dúas ordenanzas en concreto, nin cal é a visión global dos ingresos do goberno municipal.

Engade que esta ordenanza non é a que ten un déficit máis preocupante, xa que foi subida un 70% debido ao canon de Sogama, repercutido en dúas anualidades aos veciños; que non ve estudo económico e que o IPC xa non é unha referencia para nada, xa que os salarios non se actualizan conforme a el, senón que mesmo baixaron. Polo tanto, ante a grave situación de crise na que estamos, considera que esta ordenanza é discriminatoria e marxina aos que menos recursos teñen.

De seguido toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, para dicir que en novembro do ano pasado tróuxose como proposta unha conxelación de taxas que non figura este ano.

Considera inconcebible que unha concellaría como a de facenda, que ten dúas cuestións fundamentais, ordenanzas fiscais e orzamentos, traia no seu segundo ano unha proposta como esta, que non é a que precisan os veciños, senón a que lle deu tempo a facer.

Afirma que esta proposta non ten criterio político, non vén xustificada, xa que se descoñece como están a ser os ingresos ou o que é deficitario.

Pregunta como están aqueles proxectos de impoñer dereitos de exame, matrimonios ou regular novas figuras voluntarias sobre empresas ou persoas que empreguen determinados servizos.

Di que é necesario unha revisión a fondo e non entende que se traia esta proposta de suba cando a situación económica é peor ca do ano pasado, o IBI foi subido moito e entón se propuxo unha conxelación para non machacar.

Remata dicindo que hai elementos que poden ser subidos nas ordenanzas que non afectan á xente en xeral, senón aos que teñen, como, por exemplo, as taxas por atestados policiais ás compañías aseguradoras; que terán que negociar con Sogama para tentar que o servizo sexa máis eficiente e que hai que ter unha visión de conxunto.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez, considera que o tempo foi pouco para tratar estas ordenanzas e di que o seu grupo está en contra tanto da suba do IPC como de calquera suba.

Di que se está metendo á xente en moitas subas cando os salarios están a diminuír e que Esquerda Unida ten presentado en moitas ocasións alternativas ao tema deficitario do lixo.

Anuncia o voto en contra.

A continuación toma a palabra o alcalde para dicir que fóra do tema das subas do IPC, este acordo só cubriría os custes superiores de reparación de vehículos e combustible e, respecto da seguinte ordenanza da orde do día, a do IVTM, a proposta pretende unha adaptación porque estase gravando máis aos de menor caballaxe.

**Á vista de que o asunto non vai obter maioría para a súa aprobación, o alcalde retira o asunto da orde do día.**

**PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 23, REGULADORA DO IMPOSTO DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, informada favorablemente por informe de intervención de 22.10.2012 e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.10.2012 por 3 votos a favor do grupo do PP, 1 abstención do grupo socialista e 3 votos en contra, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto:

**<<PROPOSTA DA ALCALDIA**

**ASUNTO..- MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCION MECANICA .**

En relación co expediente de modificación das ordenanza fiscal nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica, e visto o informe emitido pola Intervención municipal con data de 4 de novembro de 2008, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica que se transcribe a continuación no Anexo.

Segundo.- .- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

En Fene, a 22 de outubro de 2012.

O ALCALDE

Asdo.Gumersindo Pedro Galego FEal.

**ANEXO**



**ORDENANZA FISCAL Nº 23, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA.**

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo en relación co artigo 59 do mesmo texto legal, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos:

**Artigo 4º.**

O imposto esixirase dacordo co cadro de tarifas establecido no art. 95.1 do RDL2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará pola aplicación sobre estas dun coeficiente de 1.65 no caso dos turismos de menos de 8 cabalos fiscais, ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc e de 1.68 nos restantes casos, de modo que as cotas a abonar son as seguintes:

<b>Clases de vehiculos</b>	<b>Cota (€)</b>
<b>A. TURISMOS</b>	
De menos de 8 cabalos fiscais	20,82
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	57,25
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	120,86
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	150,54
De 20 cabalos fiscais en adiante	186,16
<b>B. AUTOBUSES</b>	
De menos de 21 prazas	139,94
De 21 a 50 prazas	199,32
De mais de 50 prazas	249,14
<b>C. CAMIONS</b>	
De menos de 1,000 kg de carga útil	71,03
De 1,000 a 2.999 kg de carga útil	139,94
De mais de 2.999 a 9.999 kg de carga útil	199,32
De mais de 9.999 kg de carga útil	249,14
<b>D. TRACTORES</b>	
De menos de 16 cabalos fiscais	29,69
De 16 a 25 cabalos fiscais	46,65
De mais de 25 cabalos fiscais	139,94
<b>E. REMOSLQUES E SEMIREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECANICA</b>	
De menos de 1.000 kg e mais de 750 kg de carga útil	29,69
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	46,65
De mas de 2.999 kg de carga útil	139,94
<b>F. OUTROS VEHICULOS</b>	
<b>Clases de vehiculos</b>	<b>Cota</b>
Ciclomotores	7,29
Motocicletas ata 125 cc	7,29
Motocicletas de mais de 125 ata 250 cc.	12,72

Motocicletas de mais de 250 ata 500 cc	25,45
Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 cc	50,89
Motocicletas de mais de 1.000cc	101,77

**Disposición final.**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2013, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.>>

**Visto o debate do punto anterior, á vista de que o asunto non vai obter maioría para a súa aprobación, o alcalde retira o asunto da orde do día.**

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9:34 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas